

A Nosa Voz

Revista informativa da Diocese de Lugo

Febreiro - Marzo de 2008

Nº 71 III ÉPOCA



Bendito o que vén no nome do Señor

9 de febreiro - Ordenación Episcopal de
Alfonso Carrasco Rouco como Bispo de Lugo

Fray José Gómez recibía el nombramiento de Alfonso Carrasco Rouco como Obispo de Lugo con una carta en la que se dirigía a los diocesanos pidiendo la acogida del nuevo Pastor como enviado de Cristo y de su Iglesia. La reproducimos a continuación como editorial de este número de A Nosa Voz, manteniendo siempre sus palabras en nuestra memoria y en nuestro corazón, lugar en el que él quería permanecer como servidor de todos

“Bendito el que viene en nombre del Señor”

Muy estimados diocesanos:

Os comunico, con alegría, que el Santo Padre Benedicto XVI, ha tenido a bien nombrar obispo de Lugo al sacerdote, D. Alfonso Carrasco Rouco, del clero de Mondoñedo-Ferrol y profesor de Teología Dogmática en la Facultad de Teología “San Dámaso” de Madrid. “Bendito el que viene en nombre del Señor”: Acogemos al nuevo Pastor como enviado de Cristo y de su Iglesia, sucesor de los Apóstoles, sacerdote, maestro, y pastor de nuestra grey. Es un paisano nuestro, natural de Villalba, bueno, sencillo y sabio profesor. Después de realizar sus primeros estudios en el Seminario de Mondoñedo, en la Pontificia Universidad de Salamanca y en Friburgo (Suiza), donde obtuvo la Licenciatura y el Doctorado en Teología, fue ordenado sacerdote para la diócesis de Mondoñedo-Ferrol el 8 de abril de 1985.

Durante dos años sirvió a los fieles, en su Diócesis natal, en la parroquia de Santa María de Cervo y, posteriormente, como profesor en la Escuela Diocesana de Teología, hasta que le llamaron para ejercer la docencia en el Instituto Teológico San Dámaso (Madrid).

Que seas bienvenido a tu tierra, Alfonso. Hoy, querido hermano, esta familia diocesana tiene el gozo inmenso de recibirte con cariño y acogerte como Padre y Pastor. En fecha, todavía sin determinar, tú serás el nuevo Obispo de Lugo y yo el emérito de esta querida Diócesis nuestra. Permittedme por ello, queridos diocesanos, que exprese mi acción de gracias a Dios y al Santo Padre Benedicto XVI, por este nombramiento y por su benevolencia al aceptar mi renuncia. Y también, porque, temporalmente, hasta la toma de posesión del nuevo obispo, me ha designado Administrador Apostólico de la Diócesis. Ruego encarecidamente a todos los diocesanos que tengamos presente en nuestra oración personal y comunitaria al nuevo pastor para que el Señor le fortalezca e ilumine en su misión. En la celebración de la Eucaristía, dentro de la oración de los fieles, rogad a Dios “por nuestro obispo electo Alfonso”, así como por nuestra diócesis, en sus presbíteros, laicos y consagrados para que nos dispongamos a recibir con un corazón abierto y con amor fraternal, a quien es enviado a la Diócesis del Sacramento para fomentar el culto al Santísimo, impulsar el amor a Santa María, nuestra Señora de los Ojos Grandes, y ser signo de unidad, garante de comunión y testimonio de caridad. La sucesión apostólica es uno de los misterios más hondos de la Iglesia. De ahora en adelante, en el rostro de D. Alfonso, como antes en el mío, desde San Capitón hasta los más recientes obispos de la Diócesis, sabremos ver el rostro misericordioso de Jesucristo, el Buen Pastor. Al acogerle, como un regalo de Navidad para nosotros, le ofreceremos lo que somos y tenemos y, al tratar con él, lo haremos con la naturalidad propia de los hermanos que acogen en casa a un Padre, sin distanciamiento, con cariño, en comunión y corresponsabilidad. Por mi parte, os agradezco todas vuestras muestras de afecto, vuestra cercanía y oración y os reitero mis mejores deseos de una Navidad austera, cristiana y dichosa.

Fr. José H. Gómez González



Caritas
Traballamos pola Xustiza

A NOSA VOZ

Revista de información diocesana

DIRECTORA: María José Campo López- Barcia.
CONSELLO DE REDACCION: Manuel Varela, José Manuel Castro Alba, Miguel Gómez, Miguel Rico Gómez, Antón Negro.
ASESOR LINGÜÍSTICO: Manuel Varela.
DISEÑO: José Manuel Castro Alba
EDITA: Secretariado de Medios de Comunicación Social e Vicaría de Pastoral da Diocese de Lugo.
ENDEREZO: Bispado de Lugo. Praza de Santa María s/n. 27001. Lugo.
Teléfono: 982 23 11 43
Teléfono-Fax: 982 25 15 93
E-mail: mcsbispo@planalfa.es
Web: www.diocesisdelugo.org

A NOSA VOZ
DEPOSITO LEGAL: LU 649 - 1996
IMPRIME: La Voz de la Verdad. Pol. Ind. O Ceao.

ALFONSO CARRASCO ROUCO

Naceu o 12 de outubro de 1956 en Vilalba, provincia de Lugo e Diocese de Mondoñedo-Ferrol. cursou o ensino secundario no Seminario de Mondoñedo e os estudos de Filosofía na Pontificia Universidade de Salamanca (1973-1975). Despois estudou Teoloxía en Friburgo (Suíza), onde obtivo a Licenciatura en 1980 e o Doutoramento en Teoloxía en 1989. Investigador no Instituto de Dereito Canónico da Universidade de Munich (1980-1981). Bolseiro do "Fondo nacional suízo para a investigación" da Universidade de Munich (1987-1988). Publicou a súa tese de doutoramento: 'Le primat de l'évêque de Rome. Etude sur la cohérence ecclésiologique et canonique du primat de juridiction', 1990, P. Universitaires, Friburgo. É tamén autor de numerosos artigos en revistas especializadas. Foi ordenado sacerdote para a Diocese de Mondoñedo-Ferrol o 8 de abril de 1985.



Unha vida de estudo e traballo

O seu fogar natal está moi preto da praza, á beira da Igrexa Parroquial de Vilalba e a uns metros do Parador.

A súa nai, mestra, profundamente relixiosa, moi querida e apreciada polos seus veciños e coñecidos, de palabra fácil, é moi comunicativa e vén confesarse á Catedral de Lugo. Agora, probablemente, virá con máis frecuencia.

Como anunciaba algún medio de comunicación, o nomeamento de Alfonso Carrasco Rouco como Bispo de Lugo "foi acollido polos seus veciños con satisfacción. Os seus compañeiros de infancia e adolescencia en Vilalba destacan a súa preparación intelectual, a súa sinxeleza, amabilidade e a súa calidade humana, ademais da súa notable afición ó baloncesto"

Un vilalbés, Xullo Xiz, escribiu del: "góstame por idade, por talante, por idioma, por vilalbés".

O profesor Bernardo García Cendán, tamén da súa terra, con motivo da elección como Bispo de Lugo, dixo que "é home moi sociable e de trato moi amable e cordial. Cónstame que os que foron os seus compañeiros no Seminario téñenlle moito aprecio, tanto como lle tiñamos os que del fomos profesores".

O Bispo de Mondoñedo dixo do fillo da súa Diocese que "é un motivo de gran alegría para nós que o Señor elixa a un sacerdote do noso presbiterio diocesano para exercer o ministerio episcopal na Diocese irmá de Lugo". E invita a todos á oración desta forma tan fermosa: "Roguemos a Cristo, pastor bo, déalle un corazón compasivo e misericordioso como o seu para que poida guiar aos sacerdotes, consagrados e fieis leigos cara aos pastos da verdadeira vida". Bela oración. O importante é o corazón "compasivo e misericordioso".

"Bendito o que vén no nome do Señor", acollemos ao novo Pastor como enviado de Cristo e da súa Igrexa, sucesor dos Apóstolos, sacerdote, mestre, e pastor da nosa grei. É un paisano noso, natural de Vilalba, bo, sinxelo e sabio profesor

Os políticos da nosa cidade non quixeron quedarse sen dar a súa opinión, e así o Alcalde de Lugo dixo que o novo bispo "contará desde o primeiro momento coa colaboración do Concello de Lugo, en beneficio de todos os lucenses que formamos parte de la diocese". E o Presidente da Deputación Provincial declarou que, "como católico, deséxolle o maior dos éxitos ó novo bispo e ofrézolle toda a colaboración desta institución, porque é importante manter unhas boas relacións".

Alfonso Rouco ten tan só 51 anos (será un dos obispos máis xóvenes de España), é profesor de Teoloxía Dogmática na Facultade de Teoloxía San Dámaso de Madrid e din de él que ten unha gran preparación que lle permite, por exemplo, expresarse con soltura en 6 idiomas: alemán, francés, italiano e inglés, ademais de castelán e galego.

Din tamén, que este Bispo, sen dúbida, adicará tempo a estudar. Segundo algunhas fontes non pode vivir sen estudar. Na Igrexa de hoxe non se pode perder o fio do pensamento teolóxico. E iso só é posible "afincando cóbados", dedicando moito tempo á lectura e reflexionando sobre o acontecer de cada día.

Pero, quen mellor calificou ó Bispo electo foi Frei Xosé. Coa súa veteranía e experiencia, aínda que non coñecía moito a D. Alfonso, dixo del cousas tan evanxélicas e bonitas como estas: "Bendito o que vén no nome do Señor, acollemos ó novo Pastor como enviado de Cristo e da súa Igrexa, sucesor dos Apóstolos, sacerdote, mestre, e pastor da nosa grei. É un paisano noso, natural de Vilalba, bo, sinxelo e sabio profesor (...) Que sexas benvido á túa terra, Alfonso. Hoxe, querido irmán, esta familia diocesana ten o gozo inmenso de recibirche con agarimo e acollerche como pai e pastor".

Cargos desempeñados

1982-1987: Profesor asistente da Cátedra de Moral Fundamental da Universidade de Friburgo (Suíza).

1989-1991: Membro do equipo parroquial de Santa María de Cervo, encargado de seis parroquias (Diocese de Mondoñedo-Ferrol).

1989-1992: Docente da "Escola Diocesana de Teoloxía" (Diocese de Mondoñedo-Ferrol).

1992-1996: Profesor agregado de Teoloxía Sistemática do Instituto Teolóxico "San Dámaso" (Madrid).

1994-2000: Director do Instituto de Ciencias Relixiosas do Instituto Teolóxico "San Dámaso" (Madrid).

1998-2000: Vice-decano da Facultade de Teoloxía "San Dámaso" (Madrid).

2000-2003: Decano da Facultade de Teoloxía "San Dámaso".

2001-2006: Colaborador regular das Teleconferencias da Congregación para o Clero para a formación permanente do clero.

2004-2005: Relator do Cuarto Relatorio, e membro nato da Asemblea e da Comisión central do Terceiro Sínodo Diocesano de Madrid.

É membro da Comisión Teolóxica Asesora da Comisión Episcopal para a Doutrina da Fe da Conferencia Episcopal Española (1995);

membro do Consello de Redacción da *Revista Española de Teología* e do Consello Asesor de *Scripta Theologica, Communio*.

Actualmente é profesor de Teoloxía Dogmática na Facultade de Teoloxía "San Dámaso" de Madrid (1996) e Director do

Departamento de Dogmática da mesma Facultade (2006); colaborador na Parroquia de "San Jorge, mártir de Córdoba", de Madrid

(1992) e Consiliario do Centro de Madrid da Asociación Católica de Propagandistas (1996).

O negocio do tempo libre

No informe feito hai máis de 20 anos polo Naibstt Group, por encargo da axencia McCan-Erikson coa fin de planificar o marketing do século XXI, chegábase á conclusión de que o ocio é o gran negocio do século XXI. Hoxe podemos concluír que neste informe acertaron basicamente, pois non hai máis que ver como os negocios do ocio se están estendendo por todo o mundo, e están potenciando a insolidariedade e o individualismo na sociedade de xeito alarmante.

Entre os negocios do tempo libre están as discotecas, bares, cafeterías, salas de xogos, as televisións e radios, toda a variedade de deportes (sobre todo como espectáculo), o turismo (incluídas as viaxes do IMSERSO), trebellos e obxectos de uso variado para pasar o tempo, moitos cursiños e actividades que se están facendo en casas de cultura, xuventude e centros da 3ª idade, internet (ocio virtual), etc.

Imos botar unha ollada a unha das actividades do tempo libre organizada polos poderes públicos como son os campamentos de verán da Xunta de Galicia.

Custo dos campamentos da Xunta

O pasado 28 de marzo aparecía na prensa a información difundida pola Vicepresidencia da Xunta de Galicia sobre os campamentos que terían lugar entre o 15 de xullo e o 30 de xetembro. A duración das actividades oscila entre os 5 e os 15 días.

As prazas dispoñibles son 10.203. Destas prazas habería que restar 1625 que son para entidades xuvenís que desenvolvan o seu propio programa de actividades en centros da Xunta.

O orzamento para estas actividades é de 4.116.196 € que dividido polos 8.578 que son os que xestiona a Xunta teríamos un custo medio por persoa de 480 €. Ademais, cada participante aportará unha cota que nas actividades que organiza a Xunta en Galicia oscila entre os 70 € a máis baixa e 185 (nos de fóra de Galicia

"Endexamais farei nada que beneficie a Francia se perxudica a Europa: endexamais farei nada que beneficie a Europa se perxudica á humanidade"

(Montesquieu)

Actividades de tempo libre

**Cal é a finalidade das Actividades de Tempo Libre?**

A promoción de Actividades de Tempo Libre tamén as fan as dictaduras e as Empresas Multinacionais (os romanos ofertaban pan e circo; Franco, fútbol e touros; hoxe, botellón, tv., videoxogos, rock...). Entón podemos preguntarnos: por que os poderes e os poderosos promoven este tipo de actividades? En realidade son unha iniciación ó consumo e a un consumo insolidario, pois aí afírmase e practícase sistematicamente que un ten dereito a disfrutar e divertirse, a pasalo ben buscando só o propio interese.

Nelas estase a facer unha catequese de individualismo e de procura do propio beneficio. Son un camiño de afianzamento do neocapitalismo, o que leva a aproveitarse dos demais para pasalo o mellor posible prescindindo dos que con certeza están a pagar esas actividades.

Así, os que ostentan o poder económico e/ou político non teñen nada que temer nas súas prebendas.

Sería posible que fosen de compromiso coa xustiza e a solidariedade?

Para que isto sexa posible hai que poñer en marcha unha serie de compromisos como:

- O primeiro sería denunciar este despilfarro do diñeiro de todos, promovendo ó mesmo tempo que se empregue dun xeito máis xusto.
- Deben ter un compoñente de formación sobre os principais problemas da humanidade, que culmine nunha inserción na loita transformadora para solucionar eses problemas.
- Teñen que iniciar ós mozos na colaboración solidaria en todas as tarefas humanas, dende fregar os pratos ata facer accións en servizo e promoción dos pobres, enfermos, etc. da comarca ou de máis lonxe, sen discriminación de homes ou mulleres.
- Achegarse ó coñecemento dos movementos sociais de emancipación, que pasa tamén por descubrir as pegadas deses movementos no entorno do lugar dos campamentos.
- Etc. etc.

organizados por outras Comunidades a cota supera os 200 €. A media de aportacións por persoa supera, por tanto, os 130 €. (Datos recollidos de *El Correo Gallego* 28-III-07 e dos folletos divulgativos da Xunta distribuídos entre asociacións xuvenís, casas de cultura e/ou xuventude...)

Vemos que cada campamento/actividade de tempo libre sae por máis de 600 € e a duración media das actividades case non chega ós 10 días. Non serán demasiados cartos para tan pouco beneficio social? Non se estará malgastando alegremente o diñeiro de todos?

O prezo que demos antes non é o real, porque aí non está contabilizado todo o custo das actividades, xa que non se inclúe toda a infraestrutura da Xunta para xestionar a actividade cos funcionarios da Dirección Xeral da Xuventude e as delegacións provinciais. Tampouco se inclúen os gastos de mantemento e equipamento das instalacións.

Condicións de asistencia para rapaces acollidos por Protección de Menores

A eses campamentos poden acudir os rapaces que están baixo a Protección de Menores do Goberno Autonómico en colexios ou pisos. Pero para asistir teñen que cumprir estes requisitos segundo lles remitiron no fax.

Estas normas supoñen para os menores en peor situación:

- a) Unha discriminación, pois a necesidade do informe psicolóxico e só para eles.
 - b) Unha desconfianza cara a eles pois só a eles se lles esixe o número de teléfono, non ós outros que se inscriban.
 - c) Un etiquetado social de "persoas perigosas", que lles será difícil de superar.
- ¡¡É curioso, ademais de gravemente inxusto, que a Vicepresidencia de Igualdade promova a desigualdade e a discriminación de xeito institucional, e isto baixo a palabra "solidariedade"!!



A cerimonia de ordenación de Don Alfonso Carrasco Rouco como Bispo de Lugo terá lugar o día 9 de febreiro ás 12 da mañá, na Catedral de Lugo, e estará presidida polo Cardeal Arcebispo de Madrid, D. Antonio María Rouco Varela

Ordenación Episcopal

A ordenación episcopal comeza coa invocación ó Espírito Santo, pedindo que descenda sobre o elixido. Dous presbíteros presentan ó ordenado, e, o bispo ordenante pregunta se teñen o *mandato apostólico* do Papa. Con este acto ponse de manifesto como o bispo está vinculado por unha parte ó pobo e, por outra, debe estar en comunión con tódolos bispos do mundo, particularmente a través da súa vinculación co Romano Pontífice.

Despois da homilía o bispo presidente preguntalle se quere consagrarse ó ministerio episcopal, anunciar con fidelidade e constancia o Evanxeo, conservar o depósito da fe, edificar a Igrexa, obedecer fielmente o Papa, coidar do pobo de Deus e dirixilo polo camiño da salvación, ser bondadoso e comprensivo cos pobres, os inmigrantes e os necesitados...

A continuación cántanse as ladaíñas dos santos, mentres o ordenado se postra no chan. Finalizado este rito, o bispo ordenante principal impón en silencio as mans sobre la cabeza del elixido. Os demais bispos repiten ese xesto, que significa unha transmisión de poderes e a comunicación do Espírito.

Despois da oración da ordenación, que expresa as liñas principais da función episcopal, o ordenante coloca o libro dos Evanxeos sobre a cabeza do bispo electo, indicando que unha das súas tarefas é a de anunciar a Palabra de Cristo.

Os ritos complementarios están constituídos pola *unción co Santo Crisma* sobre a cabeza do bispo electo como significado do don do Espírito. Fáiselle entrega do *libro dos Evanxeos*, como signo do seu misterio profético, do *anel*, como esposo da Igrexa e signo



de fidelidade con ela. Recibe tamén a *mitra*, signo do esplendor da santidad do seu ministerio e o *báculo*, signo do ministerio pastoral.

Poñéndose todos en pe, o ordenante invita ó novo bispo a que ocupe a súa cátedra (toma de posesión). A partir deste momento o novo bispo continúa presidindo el a celebración da Eucaristía.

Rematada a oración despois da comunión o novo bispo percorre a catedral bendicindo a todos e regresa á cátedra para dirixir unas palabras os asistentes e impartir a bendición final.

Desripción del Blasón


Mantelado en curva. 1º, en campo azur claro (azul), un copón de oro con Hostia en su color (blanca) nimbeada de oro y dos ángeles blancos en adoración.

Manteladura de plata, con la eme y la a entrelazadas en azur (ave maría) y coronadas de una estrella en oro

Manteladura con una vid en su color natural de la que salen los sarmientos en su color natural y las hojas de sinople (verde) y racimos de uvas en gules (rojo), terrasada en campo de sinople (verde)

Acolado un báculo de oro. Al tiembre un capelo (sombbrero eclesiástico) de sinople (verde), guarnecido con unas borlas de las que parten cordones de seda de lo mismo. que salen de este, colgando a los dos lados, cada uno liado en lazos de seis borlas en tres órdenes,

Blasón y lema episcopal



puesto: 1,2 y3. Debajo del escudo el lema en un pergamino abierto en su color, sujeto por el pie del báculo: "sanctificati in veritate".

Lema episcopal

«Yo les he dado tu Palabra, y el mundo los ha odiado, porque no son del mundo, como yo no soy del mundo. No te pido que los retires del mundo, sino que los guardes del Maligno. Ellos no son del mundo, como yo no soy del mundo. Santifícalos en la verdad: tu Palabra es verdad. Como tú me has enviado al mundo, yo también los he enviado al mundo. Y por ellos me santifico a mí mismo, para que ellos también sean santificados en la verdad.» (Jn 17, 14-19)

A homilía é a exhortación panerética que o sacerdote ou diácono dirixe ós fieis despois da proclamación das lecturas e do Evanxeo propios da Eucaristía que está celebrando. A homilía, parte integrante da Liturxia da Palabra, sitúase entre a lectura da Palabra e a Oración Universal. A función da homilía é a de realizar una exhortación sobre as lecturas para facer máis intelixibles as pasaxes da Sagrada Escritura que se acaban de proclamar na asemblea litúrxica.



Homilía, actualización da Palabra de Deus

Segundo as normas litúrxicas promulgadas polo Concilio Vaticano II na Constitución sobre a Sagrada Liturxia, **Sacrosanctum Concilium**, "Recoméndase encarecidamente, como parte da mesma Liturxia da Palabra, a homilía, na que se expoñen durante o ciclo do ano litúrxico, a partir dos textos sagrados, os misterios da fe e as normas da vida cristiá. Aínda máis: nas Misas que se celebran os domingos e festas de precepto, con asistencia do pobo, nunca se omite se non é por causa grave". (# 52)

E na **Instrucción Xeral do Misal Romano**, aprobada por Xoán Paulo II, o Xoves Santo do 2000, indícase que "A homilía, como parte integrante da liturxia, é altamente recomendada, pois é necesaria para alimentar a vida cristiá. Debe ser unha exposición dalgún aspecto das lecturas da Sagrada Escritura... e debe

tomar en consideración tanto misterio que se celebra como as necesidades dos oíntes" (#65). A mesma Instrucción indica que "O sacerdote dará a homilía de pé, dende a sede ou dende o ambón, ou cando sexa apropiado, dende outro lugar convinte. Ó rematar a homilía pode observarse un período de silencio" (#136) A homilía é parte da liturxia, e moi recomendada, pois é necesaria para alimentar a vida cristiá. É un comentario vivo da Palabra de Deus entendido como parte integral da acción litúrxica. É a traducción, e a explicación da Palabra de Deus, a actualización da Palabra de Deus ó nivel da comunidade celebrante. O exemplo máis típico é neste caso a homilía de Xesús na sinagoga de Nazaret. Despois da lectura do libro de Isaías, Xesús comeza a súa homilía con estas palabras: "Hoxe cúmprese ante vós esta Escritura"

(Lc 4,21).

A palabra grega "homilía" significa reunión, compañía, encontro cercano e familiar coa Palabra de Deus. É Palabra de Deus a nivel da comunidade celebrante. A regra de ouro para o orador é a seguinte: "O que teña o don da palabra, que use del como o que comunica palabras de Deus" (1Ped 4,11). A regra de ouro para os oíntes é recibir estas palabras como palabras de Deus. "Ó recibir a palabra de Deus, que vos predicamos, abrazástela non como palabra de home, senón como o que é en verdade, a palabra de Deus" (1Tes 2,13). Buscando a perfecta e ideal homilía habería que conxugar estes aspectos: ser breves e tocar a Biblia e a realidade; ser directos e non ser moralizantes; ter certa altura e ser sinxelos.

As nosas homilías

Suxerencias para melloralas

- Preparalas con interese. Pensar que é o medio para facer viva, presente e actual a Palabra de Deus na vida das persoas.
- Transmitir unha mensaxe clara, breve, convincente e actual.
- Manexo dos silencios e das pausas (moitas veces din máis cás palabras).

O que ten que durar

Non se trata de fixar un tempo determinado. Unha homilía de cinco minutos pode ser moi aburrida e pouco ou nada significativa e unha de dez pode ser amena, entretida e moi proveitosa. Con todo non debemos esquecer que "o bo se breve, dúas veces bo", e os bos perfumes envásane en frascos pequenos. A homilía é un monólogo, polo tanto ou se é moi bo "actor", ou senón canto máis breve mellor. Non convén excederse na homilía. Hai que respectar os tempos, tamén os tempos de silencio. Dicar dúas ou tres ideas, claras, breves, sen reiteracións, cunha linguaxe asequible para todas as persoas asistentes, e un par de minutos de silencio para meditalas e interiorizalas, producirán moitos máis efectos que un sermón longo, reiterativo, repetitivo das lecturas escoitadas.

Notamos que, en xeral, hai moitas excepcións, as nosas homilías son: demasiado longas; pouco preparadas; cunha linguaxe pouco significativa e alonxada da realidade; repetitivas, reiterativas; pronunciadas con un ritmo monótono e aburrido. Ausencia de pausas e silencios

Tema a tratar

O protagonista da homilía non debería ser o sacerdote ou diácono que a pronuncia, senón a Palabra, a Palabra con maiúscula, a Palabra de Deus, Deus, que se fai actual, cercano, presente na vida de cada día desa comunidade que a escoita. Nas nosas homilías, en xeral as palabras afogan, escurecen, esconden a Palabra, non a deixan falar. A homilía debería ser a canle por medio da cal a Palabra de Deus fala, hoxe, aquí e agora á Igrexa-comunidade, que nestas circunstancias concretas a escoita, a vive, e a celebra.

Esta renovación da homilía tamén debe afectarnos a todos os que escoitamos a Palabra, é dicir, á comunidade cristiá. Porque hai un umbral na conciencia de todo bautizado que ningún predicador pode franquear, o umbral onde morre o ruído das palabras humanas, onde todos debemos dicir coma o pequeno Samuel: "Fala, Señor, que o teu servo escoita" (1Sam 3,10). Esa homilía irreemprazable ninguén pode pronunciala no noso lugar. Escóitase no silencio, e logo actualízase no amor e na vida cotiá. Todo cristián debe ser unha palabra de Deus para os seus irmáns.

Formación permanente



O Instituto Teolóxico Lucense segue a organizar este ano a formación permanente na Diocese. A finalidade é a capacitación e actualización das comunidades cristiás en orde a unha axeitada actuación pastoral. Con esta formación tamén se pretende aportar os coñecementos teóricos e empíricos necesarios para diagnosticar e valorar, de xeito ben fundado, os feitos relacionados coa misión pastoral da Igrexa e promover, entre os participantes, o diálogo, e un grao suficiente de sensibilidade de cara os máis necesitados, que se corresponda cos retos da Igrexa e da sociedade. Os alumnos poden asistir libremente ós cursos que desexen. As inscricións realizaránse na primeira sesión de formación, co respectivo profesor do curso. Algúns cursos impartidos polas tardes, para os alumnos que así o soliciten, terán un valor de tres créditos para a obtención dos títulos de Bacharelato en Teoloxía ou Diplomado en Estudos Eclesiásticos polo ITL e a Universidade Pontificia de Salamanca

Cursos

As milagres de Xesús de Nazaret.

- José Antonio González García
- Seis sesións de dúas horas durante un semestre (novembro-maio)
- Residencia Terceira Idade, R/ Xeral Franco, 52. 27500. CHANTADA.
- Tódolos últimos xoves de mes. Primeira sesión: 29 de novembro.
- Hora: 12.00

Cantando cos Salmos.

- José Antonio González García.
- Seminario Diocesano. LUGO.
- Destinatarios: Seminaristas maiores.
- 18 de out.; 22 de nov.; 20 de dec.; 17 e 31 de xan.; 28 de feb.; 3 e 17 de abr.; 22 de maio e 5 de xuño.
- De 6 a 8 da tarde.

Informática I e II.

- Aforo limitado. Terán preferencia os primeiros inscritos.
- Miguel Ángel Álvarez Pérez e Xosé Manuel Castro Alba
- Seminario Diocesano. LUGO.
- Venres de 10 a 12 horas. Curso intensivo. Primeira sesión: 1 de febreiro.

Estudo e reflexión sobre a obra de J. RATZINGER, BENEDICTO XVI, *Jesús de Nazaret (primera parte: Desde el Bautismo a la Transfiguración)*.

- David Gil Mato e Ramón Piñeiro Campos.
- Mosteiro do Salvador. Bernardas Cistercienses, FERREIRA DE PANTÓN; Colegio Niño Jesús de la Divina Providencia, MONTERROSO (David Gil); salóns parroquiais, LALÍN (David Gil); Casa da cultura, Monforte (Ramón Piñeiro).
- Datas: En Lalín, últimos xoves

de mes. Primeira sesión: 29 de novembro, 11:30h. En Monterroso, últimos venres de mes. Primeira sesión: 30 de novembro.

En Ferreira, a concretar polos interesados. En Monforte, tódolos mércores de 20 a 21:30 horas.

Os sacramentais. Recuperación do seu valor pastoral.

- José Antonio Ferreiro Varela
- Seminario Diocesano.
- Últimos xoves de mes ás 11:30. Primeira sesión: 29 de novembro.

O Evanxeo de Mateo. De cara á predicación do ciclo "A".

- Jesús Angel Fernández Aira
- Casa Interparroquial, A FONSAGRADA.
- Últimos xoves de mes ás 11:30. Primeira sesión: 29 de novembro.

O Señor é o meu Pastor.

- Consolo divino para o desamparo humano. *Estudio teolóxico-pastoral a partir do salmo 23 e da consideración de Deus como Señor, Pastor e Hospedeiro.*
- Mario Vázquez Carballo.
- Mosteiro da Visitación das MM Salesas. Curso intensivo durante un mes.

Estudio e reflexión sobre a Exh. Apostólica da S. S. Benedicto XVI,

- *Sacramentum Caritatis*, sobre a Eucaristía, fonte e cumio da vida e da misión da Igrexa.
- Mario Vázquez Carballo e
- Ramón Jacobo Bernárdez.

A oración litúrxica e contemplativa.

- Ramón Piñeiro Campos.
- Mosteiro das Clarisas MONFORTE.
- Primeiros e terceiros venres de mes.

Xornadas

1. Valor, conservación e xestión integral do patrimonio cultural eclesialístico.

Xoán Carlos García Porral.
Posibilidade de un curso intensivo, polas tardes, durante o curso actual.

2. O ministerio da homilía: Para unha renovación da predicación no novo milenio.

Mario Vázquez Carballo.
Para sacerdotes: na zona onde se solicite. Para laicos: cursos intensivos, semanais ou mensuais, según conveniencias. Inclúe sesións teórico prácticas sobre cómo falar ben en público.

3. XXII Xornadas Abertas de Teoloxía. Tema xeral:

Raíces e misión do Cristianismo en Galiza. Días: 20, 21 e 22 de febreiro de 2008. Temas concretos e ponentes: O nacemento da Igrexa según os textos bíblicos, Prof. D. Carlos Gil Albiol, Universidad de Deusto; Implantación da fe cristiá en Galiza: evanxelización e catequese, sin concretar; Fe cristiá e vida social no tempo presente, sin concretar.

4. Cursos sobre "Os Dereitos humanos".

Organiza: Asociación diocesá Arela. Días 23 e 24 de febreiro de 2008. onente. Prof. Carlos Díaz. Lugar: Salón de actos da Alianza. Rúa Yáñez Rebolo, 19-º B.C. Lugo.



In Memoriam

D. LUIS PAZ SOILÁN

Naceu na Parroquia de San Xulián de Vilachá de Chamoso, unida de San Vicente de Coeo en 1925. Foi ordenado sacerdote en 1953, empezando a exercer de Sacristán II y Capelán da Nosa Señora do Pilar, con servizo de Coro e Altar, na Catedral de Lugo. En 1956 é nomeado Vicedirector Diocesano da *Obra Tres Mariás e Discípulos de San Xoán para os Sagrarios Calvarios*. En 1961 para a ser Sacristán I da Catedral lucense e, en 1969, convértese en Beneficiado da mesma. Dende 1993 e ata a súa morte o 25 de febreiro, exercía como Canónigo.

Celebracións do ano 2008

Año Internacional da Pataca

A ONU declarou 2008 como o Ano Internacional da Pataca, en recoñecemento á súa presenza como alimento básico na dieta de tódalas sociedades do mundo e polo seu importante papel na erradicación da pobreza.

Quen primeiro experimentou a pataca como alimento foi en 1573, a comunidade relixiosa que dirixía o hospital de Sevilla, pasaba estreiteces económicas. O ecónomo mercou patacas xa que, ao non ser apreciadas eran baratas. A experiencia deu bos resultados, pero a pataca malia isto non foi aceptada cabalmente na dieta dos españois. Algúns relixiosos tamén viron mal este novo alimento.

Año Internacional das Linguas

A ONU proclamou esta celebración porque no cerne da misión das Nacións Unidas debe estar a defensa do dereito ao uso da propia lingua.

O Comité Central do Consello Mundial das Igrexas formulou unha Declaración sobre as linguas onde se recoñece o uso do patrimonio lingüístico como un dereito humano fundamental. Recórdase ás igrejas e á comunidade cristiá que, tal como se recolle en *Feitos 2*, a diversidade de linguas faladas é un signo da presenza da plenitude do Espírito de Deus, e que unha ampla pluralidade de linguas forma parte da visión do culto en presenza de Deus (*Apocalipse 7: 9*).

Año Internacional do Saneamento

A ONU tamén fai esta celebración, preocupada polo progreso lento e insuficiente para proporcionar servizos básicos de saneamento.

Segundo Mans Unidas un dólar investido en auga e saneamento pode multiplicar o rendemento económico ata 34 veces. No Estado indio de Andhra Pradesh a seca é crónica, e as consecuencias son catastróficas para a xa de por si castigada poboación rural da zona: á necesidade de desplazarse en busca de auga, hai que sumar a perda de colleitas e cultivos. Por iso, solicitaron a Mans Unidas axuda para dotar de auga potable a 340 comunidades.

Año Europeo do Diálogo Intercultural

A Unión Europea celebra o seu 50 aniversario convocando este ano temático.

As diferenzas relixiosas poden incrementar a incompreensión mutua fóra das fronteiras de Europa ou nas relacións coa poboación inmigrante.

O mellor xeito de loitar contra os prexuízos é iniciar un intercambio en forma de diálogo intercultural.

Os obxectivos son múltiples:

- motivar aos Europeos achega da importancia do diálogo
- fomentar os valores comúns e o concepto de respecto mutuo estimular o intercambio e o debate.

Prestarase especial atención ao diálogo entre relixións.

Método esparadrupo

Método usado para decidir o que eu quero que se decida, afirmando logo con gran solemnidade que a resolución foi froito dun gran diálogo. É de fácil uso: primeiro cóllese a unha persona e séntase nunha cadeira; logo, é adulado un pouco mentres lle atan as mans; finalmente colócaselle un esparadrupo na boca e ó tempo fanse afirmacións do estilo "eu pensei en... por iso que se non tes nada que dicir... levámolo adiante". Ó rematar este exercicio, retíraselle o esparadrupo e ante a probable protesta do noso personaxe abonda responder: "cala! aínda es novo".

Reflexionando

"Cala!, aínda es novo"

"Nos ollos do mozo arde a chama; nos do vello, a luz", afirmou o escritor francés Víctor Hugo.

Que lle está pasando á mocidade? Onde está esa chama dos seus ollos? Segue ardendo?

Nos últimos días, a maior parte das malas noticias das que os medios de comunicación dannos conta (dan conta dalgunha boa?), teñen como protagonistas a persoas novas: pelexas, accidentes, asasinatos, botellóns, etc., etc. Vendo isto, un non pode menos que preguntarse que lle está pasando á mocidade (que, por certo, escríbese con "d" de Deus e non con "z" de... bo, é igual).

Quizais o mundo non sexa tan grande como nolo adoitamos imaxinar; quizais os problemas non sexan tan problemas como os adoitamos debuxar; quizais a nosa mocidade non sexa tan mala como a adoitamos pintar. Ou... quizais... si. Non podemos obviar que dos mozos de hoxe é o a vida do mañá; que os mozos están chamados a ser constructores do futuro xa no presente. Non podemos obviar que os mozos teñen o seu dereito a soñar, a vivir e alimentarse de ilusión e esperanza, grandes motores para os grandes cambios.

É posible que a mocidade esta cansa de non ser escoitada polos maiores. É posible, e probable, que os mozos procuren, aínda, desgraciadamente, con medios ilícitos, chamar a atención. Chamar a atención de todos e berrar que non lle dá a gaña de enterrar os seus desexos de construír algo mellor.

A maioría dos mozos son conscientes de que viviron "pouco" aínda, de que hai persoas que indiscutiblemente gozan de maior experiencia e coñecementos do que é a vida pero, malia isto, ninguén ten toda a palabra senón Deus.

Si, a mocidade quere falar. Non os temamos! Os mozos están "ata os narices" (perdón pola vulgaridade da expresión) de que se os queiran calar e educar a base de Gran Irmán, Operación Triunfo, Hospital Central, Cántame, etc. Permitamos falar e opinar ós mozos. O "método esparadrupo" (usado por todos: desde os políticos ata a sociedade en xeral pasando, síntoo, por xente de Igrexa) é o máis dictatorial que un pode botarse en cara.

Axudemos á mocidade a recuperar a chama dos seus ollos (da que falaba Víctor Hugo) para que, despois, de maiores, poida brillar neles a luz. *(Por Marcos Torres).*

- * PARROQUIAS
- * MOVEMENTOS
- * ASOCIACIONES
- * AXENDA DIOCESANA
- * LITURXIA
- * E todo o que desexa saber sobre a Igrexa en Lugo.

A NOSA VOZ

SUSCRICIONS:

- ORDINARIA: 10 euros/ano
- BENEFACTOR: 15 euros/ano

Ingresos: Banco de Galicia. Nº conta 0600631224

Información: Nas parroquias, na Vicaría de Pastoral ou no Secretariado de Medios de Comunicación Social.